



Gabinete de prensa: Rúa Touro nº 21, 1º andar, 15704. Compostela
981 554 147 / 649 541 773 / prensa@sindicatolabrego.com

Nota de prensa
do SLG

24-09-2008

O SLG presentou hoxe a Xornada Reivindicativa do Produto Caseiro Fresco ou Transformado

Na mañá de hoxe o Sindicato Labrego Galego presentou en rolda de prensa, no *Clube Internacional de Prensa*, a Xornada Reivindicativa do Produto Caseiro Fresco ou Transformado, que terá lugar este venres 26 en Santiago de Compostela.



Carme Freire Cruces, Secretaria Xeral do SLG, e **Uxío Rey**, Presidente do Colexio de Veterinarios de A Coruña, expuxeron a importancia de elaborar unha normativa para o produto caseiro que non vaia na contra das explotacións.

Ao final da rolda, procedeuse a unha degustación de zume de uva caseiro e mazás “da casa”.

Reivindicar o Produto Caseiro

Arestora, a Consellaría do Medio Rural está elaborando o borrador do *Decreto polo que se regula a artesanía alimentaria en Galiza*, no que se inclúe o regulamento do produto caseiro.

No Sindicato Labrego Galego, entendemos que **este é un momento clave para as labregas e labregos do País**, xa que **dependendo de como sexan as normas que estableza este decreto, no futuro as explotacións poderemos vender normalmente o noso produto caseiro ou perder definitivamente este dereito**, como aconteceu no seu día coa augardente (iso si, no canto da augardente caseira, apareceu legalmente a producida por empresas).

O produto caseiro **só pode ser feito por nós e nas nosas casas**, e cómpre evitar que as empresas alimentares se apropien do prestixio destes produtos para a súa comercialización.

<p>VENRES 26 SETEMBRO</p>	<p>DENDE AS 10:00 ATÉ AS 17:30</p>	<p>ÁREA CENTRAL SANTIAGO DE COMPOSTELA</p>
--	--	--

Convidámosvos a participar nesta iniciativa, tanto dende a perspectiva labrega como de cidadanía interesada en manter este patrimonio que temos e que, aínda hoxe, **permite que un grande número de persoas, sobre todo mulleres, poidan vivir nunha explotación agraria na Galiza.**

Moitas grazas pela vosa atención.

Saúdas do Gabinete de Comunicación do **Sindicato Labrego Galego**

OBTERÁN MÁIS INFORMACIÓN CONTACTANDO CON

Ana Rodríguez Vázquez, Secretaría de Desenvolvemento Rural do SLG,

Tif: 659 057 251